

## ANÁLISIS AS FERRAMENTAS PARA AFRONTAR O PROBLEMA ENERXÉTICO

# Outra oportunidade perdida para unha reforma fiscal verde

**XABIER LABANDEIRA**


Máis dunha vez na recente historia fiscal española, un cambio fiscal de alcance non actúa sobre os impostos que gravan a enerxía e, colateralmente, as emisións contaminantes. Creo que, máis dunha vez, non son boas noticias porque estes impostos poden xogar un papel regulatorio e recadatorio importante, porque nos atopamos moi lonxe das medias europeas de presión fiscal neste ámbito, e porque estes impostos están de feito perdendo peso relativo dentro do noso sistema fiscal (frente a imposto sobre a renda das persoas físicas ou o de sociedades, por exemplo), e fronte ao que está a ocorrer noutros países avanzados. Vaíamos por partes.

Falaba en primeiro lugar da historia fiscal española porque este fenómeno non coñece de cores políticos. Desde comezos dos anos noventa os sucesivos Gobernos españois tiveron unha actuación desfavorable con estas figuras, escudándose nos posibles efectos negativos sobre a competitividade ou sobre a distribución da carga fiscal.

## Exencións

En realidade, salvo sectores específicos moi intensivos en uso de enerxía e que poderían obter un tratamento especial mediante exencións impositivas (como sucede noutros países), os estudos económicos existentes apuntan a que, en xeral, os efectos sobre a competitividade son limitados.

Por se fose pouco, as investigacións económicas tamén indican que, no caso español, a regresividade destes impostos é moi inferior á observada noutros países do noso entorno. E, sen embargo, os



Unha central térmica. M. MARRAS

beneficios destes tributos son moi elevados. En primeiro lugar, porque poden obter cantidades importantes de recursos para o sector público: uns cálculos preliminares dun uso máis activo dos impostos enerxéticos, na liña marcada polas recentes propostas da Comisión Europea neste campo, permitiría elevar a recadación até 7.000 millóns de euros (máis da metade do conseguido coas subas fiscais aprobadas ata agora por este Goberno).

En segundo lugar, porque elevando estes impostos conseguimos reducións de consumos e, por tanto, das emisións contaminantes como as que causan o cambio climático ou a contaminación.

En terceiro lugar porque, sendo España un dos países eu-

ropeos que máis dependen das importacións de enerxía, unha moderación do seu consumo a través dunha maior eficiencia enerxética (relativamente baixa respecto á maior parte dos países avanzados) implicaría menores exportacións de recursos aos países produtores de petróleo e gas.

## Un 20 % menos

¿É factible unha suba considerable destes impostos en España? Os pagos fiscais, axustados por capacidade de pagamento, por gasolinas e gasóleo de automoción (incluíndo IVA e impostos especiais) encóntanse aquí en torno a un 20 % por baixo da media ponderada da UE.

Posto que boa parte da recadación enerxética actual provén deses dous produtos, creo que esa cifra fala por si soa. Pero ademais, diversos Gobernos están actuando neste ámbito nos últimos meses: Irlanda, no medio dunha importante crise económica, introduciu recentemente un imposto sobre as emisións de CO<sub>2</sub> (precursor do cambio climático) con obxectivos de consolidación fiscal; e Australia acaba de aplicar un imposto similar nunha situación de bonanza.

A experiencia australiana, ademais, pode servírnos de guía sobre cómo utilizar parte dos recursos fiscais obtidos por esa vía: para compensar posibles cargas excesivas sobre as familias máis vulnerables, para promover o desenvolvemento das renovables ou da eficiencia enerxética a grande escala, ou para moderar outros impostos que realmente distorsionan o crecemento económico.

Os efectos dos impostos enerxéticos sobre a competitividade son limitados

Xabier Labandeira é catedrático de Economía da Universidade de Vigo.